



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	ESTANCIAS CLÍNICAS II		Código	651G01036
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Cuarto	Obrigatoria	30
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas			
Coordinación	López García, Asenet		Correo electrónico	asetnet.lopezg@udc.es
Profesorado	Balsa Canto, Montserrat Calvo Paz, Pablo Carballo Costa, Lidia Crespo Gil, Paula Fernández Pereira, María Montserrat Giménez Moolhuyzen, Esther González Olmedo, Patricia López Gabin, María Beatriz López García, Asenet Malvárez Cobas, María Verónica Martínez Toledo, Beatriz Menéndez Pardiñas, Mónica Naia Entonado, Zeltia Ortigueira Garcia, Serafin Patiño Nuñez, Sergio Pérez Mantiñán, Natalia Ramos Gómez, Fernando Rey Silva, Cristina Rivas Neira, Sabela Robles García, Verónica Rodríguez García, Elena Senin Camargo, Francisco José Souto Gestal, Antonio Varela Miramontes, María del Rosario Viñas Diz, Susana		Correo electrónico	montserrat.balsa.canto@udc.es pablo.calvo.paz@udc.es lidia.carballo@udc.es paula.crespo@udc.es montserrat.fernandez.pereira@udc.es e.moolhuyzen@udc.es p.olmedo@udc.es beatriz.gabin@udc.es asetnet.lopezg@udc.es veronica.malvarez@udc.es b.mtoledo@udc.es monica.menendezp@udc.es zeltia.naia@udc.es serafin.ortigueira@udc.es sergio.patino@udc.es natalia.mantinan@udc.es fernando.ramos@udc.es c.rey.silva@udc.es sabela.rivas@udc.es veronica.robles@udc.es elena.rodriguez.garcia@udc.es francisco.senin@udc.es antonio.souto@udc.es rosario.varela.miramontes@udc.es susana.vinas.diz@udc.es
Web				
Descrición xeral	La estancia clínica en la Facultad de Fisioterapia de A Coruña debe estar estructurada en una doble vertiente: - La conceptualización de la asignatura como una materia global, conservando un proceso de fisioterapia común y estructurado - La adecuación de la programación a los distintos campos de actuación en Fisioterapia.			



Plan de continxencia

Este plan de continxencia entrará en vigor cando por motivos de alerta sanitaria non sexa posible a realización das prácticas clínicas por parte dos/das estudantes, a condición de que se poida asegurar o cumprimento do mínimo presencial establecido polas autoridades académicas. En caso contrario, o calendario académico poderá ser modificado ao obxecto de que as prácticas clínicas poidan ser recuperadas cando a situación sanitaria o permita.

Ante o illamento específico dun/dunha estudante derivado da pandemia, ofreceranse datas alternativas para que poida recuperar as súas prácticas clínicas presenciais e/ou realizar a proba clínica presencial, se fose o caso.

1. Modificacións nos contidos

Non se contemplan cambios nos contidos.

2. Metodoloxías

*Metodoloxías docentes que se manteñen

Seminario: poderá realizarse de forma presencial ou virtual dependendo da evolución da pandemia.

Prácticas clínicas: haberá que cursar un mínimo (establecido polas autoridades académicas) de forma presencial.

Proba clínica: poderá adaptarse a non presencialidade dependendo da evolución da pandemia.

*Metodoloxías docentes que se modifican

Estudo de casos (resolución de casos clínicos): substitúe a metodoloxía de prácticas clínicas na modalidade non presencial.

Proporcionarase un caso clínico en cada unha das unidades docente-asistenciais que o/a estudante non puidese cursar de forma presencial, a través da plataforma Moodle ou por correo electrónico. Cada estudante deberá desenvolverlos de forma individual, podendo solicitar ao mesmo a resolución xeral do caso partindo de datos preliminares, ou ben seu desenvolvemento dende o momento actual a partir dos datos da avaliación máis recente.

Con todo, débese salientar a necesidade de ordenar e sistematizar o proceso de intervención en fisioterapia, que nesta fase da formación debe orientarse para maximizar a capacidade de emitir un diagnóstico funcional coherente, de modo que unha exploración ordenada posibilite a realización dun razoamento clínico básico.

Proba clínica: poderá adaptarse a non presencialidade dependendo da evolución da pandemia.

3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado

A atención personalizada ao alumnado realizarase a través das seguintes ferramentas:

Microsoft Teams: Mínimo de 2 reunións virtuais obrigatorias.

Moodle: Se proporciona todo o material necesario para o desenrolo da docencia nos prazos preestablecidos.

Correo electrónico: Para envío de convocatorias, avisos ou resolución de dúbidas a demanda do/da estudante.

4. Modificacións na avaliación

Avaliación continua 60%

? Prácticas clínicas

? Estudo de casos

Valorarase o coñecemento dos métodos, procedementos e actuacións fisioterápicas, así mesmo os coñecementos aplicados á práctica clínica: habilidades intelectuais, aptitudes, destrezas e habilidades técnicas e manuais.

Portafolio/Caderno de prácticas clínicas: engloba o diverso material que o alumno elabora froito das tutorías, sesións clínicas, seminarios formativos, lecturas, procuras bibliográficas e historias clínicas dos pacientes.

Valorarase tamén a asistencia, puntualidade, actitude, participación razoada, traballo en equipo, resolución de casos e

axuda aos compañeiros durante as prácticas.

A resolución dos casos clínicos traballados na modalidade non presencial, así como a asistencia, actitude e participación nos seminarios virtuais programados serán obxecto de avaliación.

Proba clínica obxectiva 40%

Constitúense 10 tribunais de mínimo 2 e máximo 3 profesores clínicos, avaliando cada tribunal a un número equitativo de estudantes.

Deséñase unha proba clínica obxectiva na que cada estudante deberá resolver un caso clínico a partir dunha situación clínica concreta durante 90 minutos.

Valorarase a integración dos coñecementos e o proceso de organización dos mesmos, a relación teoría-práctica, o razoamento clínico e a resolución de novos problemas.

*Observacións de avaliación:

A asistencia ás prácticas clínicas presenciais así como o desenvolvemento de titorías virtuais e casos clínicos de forma non presencial é de obrigado cumprimento para asegurar a completa adquisición das competencias da materia. As ausencias puntuais e xustificadas terán que recuperarse nos termos indicados polo responsable da unidade e/ou coordinación da materia. As ausencias non xustificadas non son recuperables.

AVALIACIÓN CONTINUADA (60%): A cualificación da avaliación continuada será a media obtida da suma das cualificacións de avaliación continuada de cada unha das unidades docente-asistenciais. A cualificación da avaliación continuada gardarase exclusivamente ata a convocatoria de 2ª oportunidade (xullo).

Para superar a parte de avaliación continuada cada estudante non poderá presentar máis de 2 unidades docente-asistenciais con cualificacións inferiores ao 50% da puntuación posible.

PROBA OBXECTIVA/CLÍNICA (40%): Cualificación establecida polo tribunal de avaliación, obtida da resolución dun caso clínico por parte do estudante.

A **CUALIFICACIÓN FINAL** será a media ponderada obtida da cualificación da avaliación continuada e a proba clínica, sendo obrigatoria a realización da "proba clínica", pois a non realización da mesma suporá unha cualificación final na materia de **NON PRESENTADO (NP)**. Para optar a esta media ponderada e poder superar a materia, é imprescindible obter unha nota superior ao 50% da puntuación posible tanto na avaliación continuada coma na proba obxectiva.

Excepcionalmente, se un/unha estudante non superase a materia por non cumprir os requisitos preestablecidos no referente á avaliación continuada, poderá optar a superala en convocatoria de 2ª oportunidade realizando as tarefas de reforzo que se lle pauten desde a coordinación, relacionadas coas unidades docente-asistenciais cursadas en modalidade non presencial que suspendese.

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Non se realizan modificacións



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e comprender a morfoloxía, a fisioloxía, a patoloxía e a conduta das persoas, tanto sas como enfermas, no medio natural e social.
A2	Coñecer e comprender as ciencias, os modelos, as técnicas e os instrumentos sobre os que se fundamenta, articula e desenvolve a fisioterapia.
A3	Coñecer e comprender os métodos, procedementos e actuacións fisioterapéuticas, encamiñados tanto á terapéutica propiamente dita a aplicar na clínica para a reeducación ou recuperación funcional, como á realización de actividades dirixidas á promoción e mantemento da saúde.
A4	Adquirir a experiencia clínica adecuada que proporcione habilidades intelectuais e destrezas técnicas e manuais; que facilite a incorporación de valores éticos e profesionais; e que desenvolva a capacidade de integración dos coñecementos adquiridos; de forma que, ao termo dos estudos, os estudantes saiban aplicalos tanto a casos clínicos concretos no medio hospitalario e extrahospitalario, como a actuacións na atención primaria e comunitaria.
A5	Valorar o estado funcional do paciente, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais.
A6	Valoración diagnóstica de coidados de fisioterapia segundo as normas e cos instrumentos de validación recoñecidos internacionalmente.
A7	Deseñar o plan de intervención de fisioterapia atendendo a criterios de adecuación, validez e eficiencia.
A8	Executar, dirixir e coordinar o plan de intervención de fisioterapia, utilizando as ferramentas terapéuticas propias e atendendo á individualidade do usuario.
A9	Avaliar a evolución dos resultados obtidos co tratamento en relación cos obxectivos marcados.
A10	Elaborar o informe de alta dos coidados de fisioterapia unha vez cubertos os obxectivos propostos.
A11	Proporcionar unha atención de fisioterapia eficaz, outorgando unha asistencia integral aos pacientes.
A12	Intervir nos ámbitos de promoción, prevención, protección e recuperación da saúde.
A13	Saber traballar en equipos profesionais como unidade básica na que se estruturan de forma uni ou multidisciplinar e interdisciplinar os profesionais e demais persoal das organizacións asistenciais.
A14	Incorporar os principios éticos e legais da profesión á práctica profesional así como integrar os aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións.
A15	Participar na elaboración de protocolos asistenciais de fisioterapia baseada na evidencia científica, fomentando actividades profesionais que dinamicen a investigación en fisioterapia.
A16	Levar a cabo as intervencións fisioterapéuticas baseándose na atención integral da saúde que supón a cooperación multiprofesional, a integración dos procesos e a continuidade asistencial.
A17	Comprender a importancia de actualizar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que integran as competencias profesionais do fisioterapeuta.
A18	Adquirir habilidades de xestión clínica que inclúan o uso eficiente dos recursos sanitarios e desenvolver actividades de planificación, xestión e control nas unidades asistenciais onde se preste atención en fisioterapia e a súa relación con outros servizos sanitarios.
A19	Comunicarse de modo efectivo e claro, tanto de forma oral como escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais.
B1	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables.
C7	Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C9	Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Adquirir a experiencia clínica adecuada para proporcionar habilidades intelectuais e destrezas técnicas e manuais; susceptibles de ser aplicadas tanto en casos clínicos concretos no medio hospitalario e extrahospitalario, como en actuacións de atención primaria e comunitaria.	A1 A2 A3 A4 A19	B1 B2 B3 B4	C1 C6 C7 C9
Desenvolver a capacidade de Razoamento Clínico, é dicir, o método a través do cal será capaz de: - formular o diagnóstico de Fisioterapia, unha vez identificados os problemas da persoa usuaria considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais - planificar e deseñar o programa de intervención clínica - executar, dirixir e coordinar a terapéutica atendendo a criterios de adecuación, validez e eficiencia, proporcionando unha asistencia integral aos usuarios - avaliar os resultados obtidos co tratamento en relación cos obxectivos marcados - elaborar un informe de alta de Fisioterapia unha vez cubertos os obxectivos propostos, proporcionando pautas e recomendacións domiciliarias.	A1 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A15 A16 A17	B1 B2 B3 B4	C3 C6 C7 C9
Adquirir habilidades de xestión clínica que inclúan o uso eficiente dos recursos sanitarios e o desenvolvemento de actividades de planificación, xestión e control nas unidades asistenciais onde se preste atención de Fisioterapia e a súa relación con outros servizos sanitarios.	A18	B1 B2 B3 B4	C4 C5 C6 C7 C8 C9
Adquirir as habilidades comunicativas, psicosociais e técnicas, así como saber comportarse con rigor e deontoloxía profesional. Incorporar os principios éticos e coñecementos legais da Fisioterapia, para o exercicio práctico profesional. Potenciar o traballo en equipos interdisciplinares para así poder comunicarse de modo efectivo e claro, tanto de forma oral como escrita, con usuarios e os seus familiares, compañeiros/as e demais profesionais dentro do ámbito sociosanitario.	A13 A14 A19	B4	C1 C7
Fomentar a importancia da investigación e a procura de información actualizada para o desenvolvemento profesional no ámbito da Fisioterapia.		B5	C3 C6 C7 C8 C9



Contidos	
Temas	Subtemas
MÓDULO I: Exercicio terapéutico e Fisioterapia nas alteracións do aparello locomotor	<p>Fisioterapia na actividade física e deportiva.</p> <p>Fisioterapia en procesos traumatolóxicos e/ou cirúrxicos asociados ao membro superior, inferior, columna e pelvis.</p> <p>Fisioterapia en procesos reumatolóxicos asociados ao membro superior, inferior, columna e pelvis.</p> <p>Exercicio terapéutico nas alteracións estáticas e dinámicas do raquis.</p>
MÓDULO II: Rehabilitación cardiorrespiratoria	<p>Rehabilitación no paciente con disfunción cardiovascular.</p> <p>Fisioterapia respiratoria en unidades especiais (UCI, Reanimación).</p> <p>Fisioterapia respiratoria no paciente ambulatorio.</p> <p>Programas de rehabilitación pulmonar.</p>
MÓDULO III: Fisioterapia neurolóxica	<p>Fisioterapia na parálise cerebral.</p> <p>Fisioterapia no paciente neurolóxico adulto, agudo e crónico.</p> <p>Fisioterapia neurolóxica infantil.</p> <p>Fisioterapia en lesionados medulares.</p>
MÓDULO IV: Fisioterapia na discapacidade e dependencia	<p>Fisioterapia nos pacientes con discapacidades neurolóxicas.</p> <p>Fisioterapia nas discapacidades asociadas ao envellecemento.</p> <p>Fisioterapia en atención temperá.</p> <p>Fisioterapia escolar.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Seminario	A14 A17 A19 C1 C3 C6 C7 C8	2	0	2
Prácticas clínicas	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9	595	147	742
Proba clínica	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A11 A12 A13 A14 A16 A19 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C9	3	0	3
Atención personalizada		3	0	3
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Ao comezo da materia realizarase un seminario informativo presencial en grupo-clase, para informar ao estudante dos aspectos organizativos da materia (distribución en grupos, módulos de especialización, horarios,...); onde ademais expóranse por parte dos/das coordinadores/as da materia os contidos xerais de cada módulo, e os comúns a todas as unidades docente-asistenciais.



Prácticas clínicas	<p>Correspóndese coa clase clínica: o/a profesor/a transmite os seus coñecementos e as destrezas clínicas ao estudante en experiencias reais, co obxectivo de garantir que os discentes adquiren a necesaria competencia clínica, iniciada en terceiro curso e completada neste cuarto curso.</p> <p>Dentro das prácticas clínicas, cada estudante terá que elaborar un portafolio (ou caderno de prácticas) relacionado coa súa aprendizaxe clínica, que engloba todo o material que o/a alumno/a acumula froito das tutorías, sesións clínicas, seminarios formativos, lecturas, procuras bibliográficas e historias clínicas.</p>
Proba clínica	<p>Proba que se realiza á cabeceira do/da paciente/usuario/a, isto é nun escenario clínico real, co fin de avaliar as competencias adquiridas durante o desempeño clínico.</p> <p>A avaliación realizarase atendendo aos seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Capacidade para valorar ao usuario/a, establecer o diagnóstico de Fisioterapia, perfilar os obxectivos e deseñar o plan de intervención. - Capacidade de razoamento clínico, grao de interrelación teórico-práctica e de resolución de novos problemas. - Destrezas e habilidades adquiridas durante o desempeño clínico. - Actitude ante o caso/situación ou problema exposto. <p>A avaliación clínica realizarase ante un tribunal constituído por profesorado do ámbito clínico da Facultade de Fisioterapia. Formarase un tribunal nalgúns dos módulos formativos programados, sendo a asignación do/da estudante a un ou outro tribunal de maneira aleatoria.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas Proba clínica Seminario	<p>O obxectivo primordial será orientación, apoio e motivación para facilitar o proceso de aprendizaxe.</p> <p>Farase preferentemente de forma non presencial (a través do correo electrónico, Microsoft Teams e/ou do campus virtual Moodle) e/ou, excepcionalmente, de forma presencial (directamente na clínica e nos momentos que o/a profesor/a ten asignados a tutorías de despacho).</p> <p>Durante as sesións clínicas recoméndase a formulación de cuestións por parte dos/das alumnos/as (a participación é un elemento a ter en conta durante a avaliación continuada).</p> <p>Abriranse diversos foros en moodle para tratar as dúbidas e outras cuestións, para que todos os/as estudantes poidan beneficiarse das achegas dos seus compañeiros/as.</p> <p>Por tanto, a atención personalizada está orientada a axudar ao/á alumno/a na clarificación de conceptos interrelacionados, resolución de dúbidas e adquirir unha visión integrada deste corpo de coñecementos.</p> <p>Ademais, ten o obxectivo de orientar ao/á estudante na procura e interpretación das fontes bibliográficas.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Prácticas clínicas	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A17 A18 A19 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9	<p>Valorarase o coñecemento dos métodos, procedementos e actuacións fisioterápicas, así mesmo os coñecementos aplicados á práctica clínica: habilidades intelectuais, aptitudes, destrezas e habilidades técnicas e manuais.</p> <p>Portafolio/Caderno de prácticas clínicas: engloba o diverso material que o/a alumno/a elabora froito das tutorías, sesións clínicas, seminarios formativos, lecturas, procuras bibliográficas e historias clínicas dos/das pacientes.</p> <p>No entanto, dentro da avaliación continuada da materia, valorarase tamén a asistencia, puntualidade, actitude, participación razoada, traballo en equipo, resolución de casos e axuda aos/as compañeiros/as durante as prácticas.</p>	50
Proba clínica	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A11 A12 A13 A14 A16 A19 B1 B2 B3 B4 B5 C1 C9	<p>Proba que se realiza á cabeceira do/da enfermo/a, na que o/a alumno/a reproduce de forma práctica a actuación clínica necesaria para realizar un diagnóstico ou tratamento específico en relación ao proceso funcional que presente o/a enfermo/a.</p> <p>A avaliación clínica realizarase ante un tribunal constituído por profesorado do ámbito clínico da Facultade de Fisioterapia. Formaranse diversos tribunais en cada un dos módulos formativos, sendo a asignación do/da alumno/a a un ou outro tribunal de maneira aleatoria.</p> <p>Valorarase a integración dos coñecementos e o proceso de organización dos mesmos, a relación teoría-práctica, a resolución de novos problemas, as destrezas e actitudes.</p>	50

Observacións avaliación

A asistencia ás prácticas clínicas é obrigatoria para asegurar a completa adquisición das competencias da materia. As ausencias puntuais e xustificadas terán que recuperarse nos termos indicados polo responsable da unidade e/ou coordinación da materia. As ausencias non xustificadas non son recuperables. **CUALIFICACIÓN DA MATERIA: AVALIACIÓN CONTINUADA (50%):** A cualificación da avaliación continuada será a media obtida da suma das cualificacións de avaliación continuada de cada unha das unidades docente-asistenciais. A cualificación da avaliación continuada gardarase exclusivamente ata a convocatoria de 2ª oportunidade (xullo). Para superar a parte de avaliación continuada cada estudante non poderá presentar máis de 2 unidades docente-asistenciais con cualificacións inferiores ao 50% da puntuación posible. **PROBA CLÍNICA (50%):** Cualificación establecida polo tribunal de avaliación, obtida da actuación do/da estudante ao enfrontarse a un caso clínico real. **CUALIFICACIÓN FINAL** será a media obtida da cualificación da avaliación continuada e a proba clínica. Para superar a materia é necesario obter unha nota superior ao 50% da puntuación posible en cada unha das partes. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a nota de suspenso na materia da correspondente convocatoria, invalidando así calquera nota obtida en todas as actividades de avaliación para as seguintes convocatorias. As porcentaxes asignadas a cada metodoloxía poden sufrir pequenas modificacións dun curso a outro en función das necesidades da materia; no entanto, o valor da proba clínica nunca será inferior ao 50% da nota final e o valor da avaliación continuada nunca será superior ao 50%.

Fontes de información



Bibliografía básica

- (). .
- Borrell i Carrió F. Manual de entrevista clínica. Barcelona: Doyma; 1989. - Caillet: síndromes dolorosos hombro mano u otro título de la misma colección, según la patología - Costa M, López E. Educación para la Salud. Una estrategia para cambiar los estilos de vida. Madrid: Pirámide; 1998. - Kapandji, I.A. Cuadernos de fisiología articular. Masson; Barcelona (cualquier edición). - Martínez Rodríguez, A. et al. Influencia del contexto en la calidad de la entrevista clínica en fisioterapia. Rev Iberoam Fisioter Kinesiol 2001; 4(2):75-80. - Martínez Rodríguez, A. et al. Habilidades comunicacionales en la entrevista clínica; Fisioterapia 2002 24(2):90-96). - Burbank KM et al. Chronic shoulder pain. Part I. Evaluation and diagnosis. American Family Physician 2008; 77 (4): 453-460. - Liebenson C. Self-management of shoulder disorders-part 1. Journal of Bodywork and Movement Therapies 2005; 9: 189-97. - Liebenson C. Self-management of shoulder disorders-part 3. Treatment self-help patient's advice. Journal of Bodywork and Movement Therapies 2005;10:71-6. - Mars Pryszo J. Tratamiento de las cervicalgias. Masson; Barcelona, 2001. - Daniels L. Worthingham C. Fisioterapia: Ejercicios correctivos de la alineación y función del cuerpo humano. Barcelona: Doyma; 1987. - Esnault M., Viel E. Stretching (estiramientos miotendinosos). Automantenimiento muscular y articular. - Liebenson C. Manual de Rehabilitación de la columna vertebral. 2ª ed. Barcelona: Paidotribo; 2008. - Norris C. Back Stability. 2ª ed. United States: Human Kinetics; 2008 - Norris C. La guía completa de los estiramientos. Barcelona: Paidotribo; 2001 - Chaitow L. Maintaining Body Balance Flexibility and Stability. Edinburgh: Churchill Livingstone; 2004 - Petty N., Moore A. Exploración y evaluación neuro-musculoesquelética. 2ª ed. Madrid: McGraw-Hill-Interamericana; 2003. - Greenman P. Principios y Práctica de la Medicina Manual. 3ª ed. Buenos Aires: Panamericana; 2005. - Liemohn W. Prescripción de ejercicio para la espalda. Barcelona: Paidotribo; 2005. Capítulo 6: Protocolos para el ejercicio (y diagnóstico). - Tixa, S: ?Atlas de anatomía palpatoria de la extremidad inferior?. Ed. Masson; Barcelona, 1999. - Hoppenfield S, Vasantha LM. Fracturas: tratamiento y rehabilitación. Ed. Marbán; Madrid, 2001. - Asociación Española de Fisioterapeutas: Revista Fisioterapia: ?Monográfico de Terapias Manuales?. Vol. 18, 1996. Ed. Garsi, S.A.; Barcelona, 1996. - López Alonso, A: ?Fundamentos de ortopedia y traumatología?. Ed. Masson; Barcelona, 1999. - González Viejo M a., Cohin Rimbau O., Salinas Castro F.: Escoliosis realidad tridimensional. Barcelona: Masson; 2001. - Guillaumat M., Lebard J., Khouri N., Tassin J.: Escoliosis idiopática durante el crecimiento. Tratamiento de la escoliosis ideopática en el período de crecimiento: métodos y resultados. Prevención y detección de la escoliosis idiopática. En: Enciclopedia Médico-Quirúrgica. Tomo IV. - Tessandier M J.: Práctica de la exploración clínica programada del raquis. Barcelona: Masson; 1998 - Weiss H R.: Visión Analítico-funcional del tratamiento tridimensional de la escoliosis según Schroth. Revista Fisioterapia 1999; Jun-Sep, 13 (3): 167-175. - Voss, Iota, Myers: Facilitación neuromuscular propioceptiva. 3ª edición. Editorial Panamericana. Madrid 1998 - Viel E. El método Kabat. Facilitación neuromuscular propioceptiva. Editorial Masson, Barcelona 1998 - Viel E. Diagnostico fisioterapico. Masson 1999, Barcelona - H. J. Hislop, J. Montgomery: Pruebas funcionales y musculares. 6ª Edición Marban Bilbao 1998. Capítulo 7 - N. Talley, S. O'Connor: Exploración clínica Jarypyo Editores Madrid, 1998. - Bobath, B: Hemiplejía del adulto. Evolución y tratamiento. Ed. Panamericana. 3ª ed. Buenos Aires, 1993. - Brunstrom, S. Reeduación motora en la hemiplejía. Ed. Jims. Barcelona, 1977a - Caillet, R.: Síndromes dolorosos. El Hombro doloroso. Ed. El manual moderno, 1980. - Davies, P.: Pasos a seguir. Tratamiento integrado de pacientes con hemiplejía. Madrid: Panamericana; 2003. - Paeth, B.: Experiencias en el concepto Bobath. Ed. Panamericana. 2ª ed. Madrid. 2006. - La hemiplejía, X Jornadas de Fisioterapia, Madrid, 2000. - Soler Gracia, C. Catálogo valorado de ayudas para caminar. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Madrid 1998.
- Sánchez-Lacuesta. Miembro inferior y marcha humana. Instituto de Biomecánica de Valencia. Valencia 1994.
- Ruzicka E., Hallett M. Advances in Neurology. Gait disorders. Williams and Wilkins. EEUU 2001. - Agustí A. La función pulmonar aplicada. Puntos clave. Madrid: Mosby/Doyma libros; 1995. - Jiménez M, Servera E, Vergara P. prevención y Rehabilitación en Patología Respiratoria Crónica. Fisioterapia, entrenamiento y cuidados respiratorios. Madrid: Ed. Médica Panamericana; 2001 - Sociedad española de patología respiratoria. Diagnóstico y tratamiento de la enfermedad pulmonar obstructiva crónica. Rehabilitación respiratoria. Barcelona: Doyma; 1998. - Antonello M. Delplanque D. Fisioterapia Respiratoria. Del diagnóstico al proyecto terapéutico. Barcelona: Masson; 2002 - Postiaux G. Fisioterapia Respiratoria en el niño. Madrid : McGraw-Hill. Interamericana; 2000.p. 191-212 - 1ª Conference de consensus en Kinésithérapie respiratoire. Recommendations du Jury. Lyon. SEKAM; 1994. - Asociación Española de Fisioterapeutas. Monográfico de fisioterapia respiratoria. Revista Fisioterapia. Madrid: Garsi; 1995. - Cristancho Gómez W. Fundamentos de fisioterapia respiratoria y ventilación mecánica. Bogotá: El manual moderno; 2003



- Chanussot J - C. Dossiers de Kinésithérapie. Kinésithérapie respiratoire. Bilans et technologie de base. París: Masson; 1988. - Delplanque D., Antonello M., Corriger E. Fisioterapia y reanimación respiratoria. Desde la reanimación hasta el regreso al domicilio. Barcelona: Masson; 1997. - Güell R., Lucas P. Rehabilitación respiratoria. Madrid: Medical & Marketing communications; 1999 - Hough A. Physiotherapy in Respiratory Care. An evidence ? based approach to respiratory and cardiac management. 3ª Edición. London: Nelson Thornes, 2001 - Jones M, Moffatt F. Cardiopulmonary Physiotherapy. Oxford: Bios Scientific Publishers Ltd, 2002 - Lâcote M., Chevalier A.M., Miranda A., Bleton J - B., Stevenin P. Valoración de la función muscular normal y patológica. Barcelona: Masson; 1984.p. 275 - 303. - Valenza G, González L, Yuste MªJ. Manual de Fisioterapia Respiratoria y cardíaca. Madrid: Editorial Síntesis, 2005. - Coleman MS. Basic Oncology for the Physical Therapy. Rehabilitation Oncology 1999; 17 (2): 29-37 - Condón Huerta MJ, González Viejo MA, Tamayo Izquierdo R, Martínez Zubiri A. Calidad de vida en pacientes con y sin linfedema después del tratamiento del cáncer de mama. Implicaciones en la rehabilitación. Rehabilitación 2000;34 (3):248-253 - Swartz MA. The physiology of the lymphatic system. Advanced drug delivery reviews 2001; 50 (1-2): 3-20 - Cohen SR, Payne DK, Tunkel RS. Lymphedema: strategies for management. Cancer 2001;92 (4 suppl): 980-987 - Harris SR, Hugi MR, Olivotto IA, Levine M. Clinical practice guidelines for the care and treatment of breast cancer: 11. Lymphedema. CMAJ 2001; 164 (2): 191-199 - Masaxe e recuperación deportiva. J.L. Aristin. Editorial Lea. 1998. - Ortopedia clinica, tratamiento por manipulaciones, masajes e infiltraciones. Cyriax. panamericana. 1973. - El masaje transverso profundo. James Cyriax. Illustrate Manual of Orthopaedic Medicine. JH Cyriax. PJ Cyriax, Second Edition. 1996. - Estiramientos en fisioterapia activa. Esnault. Masson.1994. - Manual practico de estiramientos post-isometricos Ledoupe. Masson. 1996. - Vendajes funcionales. H.Neiger. Masson. 1990. - Fisioterapia y entrenamiento atlético. Daniel d. arnheim. editorial mosby/doyma. 1994.



Bibliografía complementaria - () . .

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

PATOLOXÍA MÉDICO-CIRÚRXICA I/651G01011
FISIOTERAPIA MANUAL E OSTEOPÁTICA I/651G01014
FISIOTERAPIA NAS ALTERACIÓNS ESTÁTICAS E DINÁMICAS DO RAQUIS/651G01015
FISIOTERAPIA NEUROLÓXICA E PSICOMOTRIZ/651G01016
FISIOTERAPIA RESPIRATORIA/651G01017
PATOLOXÍA MÉDICO-CIRÚRXICA II/651G01018
FISIOTERAPIA MANUAL E OSTEOPÁTICA II/651G01019
REHABILITACIÓN CARDIO-RESPIRATORIA E VASCULAR/651G01020
FISIOTERAPIA NAS DISCAPACIDADES NEUROLÓXICAS E DA VEZEZ/651G01021
FISIOTERAPIA ABDOMINO-PELVI-PERINEAL/651G01022
FISIOTERAPIA ONCOLÓXICA E DAS DISFUNCIÓNS BIOQUÍMICAS E TEGUMENTARIAS/651G01023
FISIOTERAPIA NAS DISFUNCIÓNS DO APARELLO LOCOMOTOR/651G01024
ESTANCIAS CLÍNICAS I/651G01035

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

DOCUMENTACIÓN E ESTADÍSTICA SANITARIA/651G01028
LEXISLACIÓN E ADMINISTRACIÓN SANITARIA/651G01029
FISIOTERAPIA COMUNITARIA E SAÚDE PÚBLICA/651G01030
TRABALLO FIN DE GRAO/651G01034

Materias que continúan o temario

Observacións

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir cos obxectivos estratéxicos do Plan Green Campus da Facultade de Fisioterapia, os traballos documentais que se realicen nesta materia poderanse solicitar tanto en formato papel como virtual ou soporte informático. De realizarse en papel, seguiranse na medida do posible as seguintes recomendacións xerais:- Non se utilizarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a realización de borradores.

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías